

Lista de espera para a realización dunha proba complementaria

Expediente: I.5.Q/7441/22

Santiago de Compostela, 13 de Outubro de 2022

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha cidadá ao respecto da asistencia sanitaria dispensada ao seu fillo.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

“Son nai dun rapaz de 20 anos que é epiléptico, coas crises controladas, pero con mareos constantes, e ese é realmente o problema.

Leva máis de catro anos de médico en médico agardando un diagnóstico e con temporadas, a maior parte do ano, tirado nunha cama incapaz de pode facer vida normal, co que isto supón para un rapaz, non relacionarse cos mozos da súa idade, problemas para poder levar adiante os seus estudos, etc... e o máis importante sen saber cal é o problema, nin se se vai solucionar, nin cando. En definitiva levando a vida dun ancián encamado.

Son consciente de que en medicina non sempre é doado ter un diagnóstico á primeira de cambio pero o que non podo entender é que despois de catre anos, esteamos como o primeiro día.

No que atinxe ao neurólogo que o atende no Hospital da Costa, o Dr. XXX, non teño máis que palabras de agradecemento pala súa preocupación e interese polo caso de XXX e sentímonos afortunados de tela aquí e poder falar con el cando aparece algún cambio na súa situación. No 2019 decidiu derivalo ao servizo de neuroloxía do Hospital de Santiago. Nese momento foi unha alegría pensando que por fin teríamos un diagnóstico en breve. A primeira cita alí foi o 01 de outubro de 2019.

Despois de varias consultas e múltiples cambios, subidas e baixadas de medicacións, e incluso da aparición dun novo síntoma: espasmos no brazo dereito, o seguinte paso que se nos propón é a de incluílo, con data 22/01/2021, no rexistro de pacientes en espera para ingresar para o procedemento de VÍDEO-EEG, cunha lista de espera que segundo nos din, antes da Covid xa era de máis dun ano...

Ante a desesperación polo paso do tempo e a situación de XXX, decidimos buscar unha axuda engadida e levámolo a Clínica Universidade de Navarra (loxicamente pagando do noso peto, aínda que pagamos relixiosamente seu pai e eu a Seguridade Social, que tampouco é gratis, pero isto é o de menos con tal de axudar a atopar un diagnóstico). O neurólogo que o atendeu alí púxose en contacto con Santiago e recomendou facer un panel xenético (por se fora unha epilepsia rara), que máis ben de mala gana, acabaron por solicitarlle. A toma de sangue foi o 29 de xuño de 2021.

Pois ben, onte tivemos, logo de case un ano, fomos o 27/09/2021, cita co Dr. XXX que nos sube a medicación (unha das pastillas das que toma) e di que hai que agardar polo Vídeo-EEG, e que os resultados do panel xenético tampouco están (inocente de min, eu pensando que o retraso na citación, quedaran en chamamos aos 6 meses e case foi un ano, era para ter os resultados do panel xenético). Que polo Covid tanto o Vídeo-EEG como o panel teñen máis tempo de espera e que non queda máis que AGARDAR que o caso de XXX está nese 1/3 dos pacientes de difícil diagnóstico que atenden. Repítoo por se non quedou claro, levamos esperando para facer o Vídeo-EEG, 1 ano e 7 meses e polos resultados do panel xenético, 1 ano e dous meses. Menos mal que é un paciente de diagnóstico difícil, xa se nota como se intenta encontralo canto antes.

En vista de todo isto, entenderán que me atopo nunha situación de impotencia: so escoitamos que hai que agardar, agardar, agardar dise fácil cando non se trata da saúde do teu fillo. Creo que xa está ben, se aquí en Galicia non hai capacidade, medios... que o deriven a onde sexa pero non nos teñan 4 anos sen un diagnóstico, que logo se di, pero que hai que vivilo para saber o sufrimento que lle reporta, primeiro ao meu fillo, e despois ao resto da familia”.

A queixa foi admitida a trámite e requirimos informe desa administración sobre as cuestións promovidas pola interesada. Acusamos recibo do seu informe, que foi rexistrado nesta institución con data de 04 de Outubro de 2022.

En dito informe indícase o seguinte:

“En resposta á reclamación presentada por XXX, en relación ao seu fillo XXX, informo que o paciente ten solicitada a realización dun vídeo - EEG dende o 22/01/2021.

É inminente a incorporación nesta Área Sanitaria dun novo aparello para a realización deste tipo de probas, o que axilizará a lista de agarda á que se fai referencia nesta queixa .

No que corresponde ao informe sobre o último estudo xenético, informo que está dispoñible na súa Historia Clínica dende o 23/09/2022.

O paciente foi consultado por última vez no Servizo de Neuroloxía o 31/08/2022, programando a seguinte revisión para o mes de Febreiro de 2023”.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Esa administración non traslada no informe remitido a prioridade da proba complementaria aquí reclamada, o vídeo EEG prioridade que, de conformidade co artigo 5.2 da Lei galega 12/2013, de 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, determinaría o tempo de espera para a súa realización.

Non obstante, e considerando que esta prioridade é III, estaríamos ante un tempo de espera na actualidade maior de 20 meses para que unha proba indicada por un profesional sanitario sexa programada.

Compete a esa administración a organización dos recursos humanos e materiais da nosa Comunidade Autónoma para facer efectivo o dereito á protección da saúde de todos os galegos e galegas de forma que se garanta o acceso as prestacións sanitarias en condicións de igualdade efectiva en todo o noso territorio polo que, de non ser posible a programación da proba requirida no centro sanitario en cuestión nun tempo razoable, débense de pór en marcha os mecanismos que se consideren necesarios para facer efectiva a realización do vídeo EEG noutro centro sanitario dentro da nosa comunidade.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano a seguinte **suxestión**:

“Que se programe sen máis dilación a proba pendente indicada polo profesional sanitario o día 22 de xaneiro de 2021”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.



Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo